

ANUNCIO

O Alcalde o día 21-07-2023 ditou a resolución con número 416/2023:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVO PARA A SELECCIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO OPOSICIÓN DUN MÁXIMO DE 2 PRAZAS DE XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCEDIOS FORESTAIS

EXPEDIENTE: 2023/G003/000457

ANTECEDENTES:

De acordo co establecido nas Bases específicas da convocatoria para a provisión con carácter laboral temporal por concurso-oposición de un máximo de 2 prazas de xefe da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o Concello de Melide modalidade de contrato de duración determinada aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 369/2023 de data 28/06/2023

Logo de ver o certificado de data 19/07/2023 do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide en relación á documentación presentada de acordo co establecido nas Bases para a provisión con carácter laboral temporal por concurso-oposición de 2 PRAZAS DE XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O CONCELLO DE MELIDE, modalidade de contrato de duración determinada aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 369/2023 de data 28/06/2023.

Logo de ver o informe da técnico de Administración Xeral de data 20/07/2023 e asunto: “*INFORME PARA A APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS EN RELACIÓN Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS ASPIRANTES A 3 POSTOS DE CONDUTOR DE MOTOBOMBA E A 2 BRIGADAS CONTRA INCENDIOS FORESTAIS COMPOSTA CADA UNHA POR 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUTOR E 3 PEÓNS*”, no que di: “*INFORMO favorablemente a documentación presentada polos aspirantes relacionados no presente informe segundo as Bases da convocatoria para a provisión con carácter laboral temporal por concurso-oposición dun máximo de 2 prazas de xefe da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais (...), modalidade de contrato de duración determinada, aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 369/2023 de data 28/06/2023.*”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe de admitidos/as e excluídos/as definitivamente para as probas que darán lugar a devandita contratación.

ADMITIDOS:

Nº	NOME	DNI/PASAPORTE
1	SANTIAGO DAPARTE VILLANUEVA	***9136**
2	CRISTIAN COSTAS PIÑEIRO	***1557**

EXCLUIDOS: NINGUÉN

SEGUNDO: Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con referencia: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos e xestión de persoal, e en concreto o seu apartado 3 refírese á regulación do tribunal ou comisión seleccionadora; estará composta polos seguintes membros:

- PRESIDENTE/A: Xosé Manuel Tomé Fernández (axente facultativo medio ambiental da Xunta de Galicia). Suplente: María Teresa Buján Mosquera (interventora, Concello de Melide).

- SECRETARIO/A: Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide); suplente: M^a del Mar Guardo Bande (administrativo, Concello de Melide).

- VOGAIS:

* M^a José Rodríguez Gómez (ATS, Concello de Melide); Suplente: María Jesús Sande (directora escola infantil do Concello de Melide)

* Guadalupe Vázquez Ascariz (traballadora social, Concello de Toques); Suplente: M^a de la Cruz Mosquera Sánchez (administrativo, Concello de Melide).

* Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide); Sylvia Cea Vázquez (profesora lingua galega IES Ramón M^a Aller Ulloa de Lalín).

Convócase á Comisión Seleccionadora e aos aspirantes, que deberán presentarse **na casa do Concello de Melide** en chamamento único, o **xoves 27 de xullo de 2023 ás 10.30 horas**.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, venres 21 de xullo de 2023. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, venres 21 de xullo de 2023. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.